



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfn: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

### ACTA N° 6/2014

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL CATORCE.

En Paradela, a trinta e un de xullo de 2014

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e tres minutos, reúñese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- Dª SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- Dª Mª MONTSERRAT MULET SAR
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- Dª. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asisten os Srs. Concelleiros Dª Mª TERESA VEIGA RODRÍGUEZ que xustifica a súa ausencia por coidado dun familiar e D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ por motivos de traballo.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluidos na orde do día.

#### 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29 DE MAIO DE 2014 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 17 DE XULLO DE 2014.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demás membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de maio de 2014, e da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 17 de xullo de 2014 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria de data 29 de maio de 2014 e da acta da sesión extraordinaria de data 17 de xullo de 2014.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

## **2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucóns de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado

## **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013.**

Abre este punto da orde do día o Sr. Alcalde manifestando que a Conta foi informada pola Comisión Especial de Contas en maio, expúxose ao público no prazo legalmente establecido sen que houbese alegación algunha, quedando por parte da Corporación o trámite de aprobación, polo que se somete a mesma ao Pleno.

Sen que se produza debate algúin e sometida a votación ordinaria, o Pleno por maioría absoluta cos sete votos a favor dos membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista; sendo once o número legal de membros; acordou:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.013 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, nos termos previstos na normativa aplicable.

## **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A continuación o Alcalde da lectura da pregunta presentada en data 24 de xullo de 2014, con Rexistro de entrada número 749, pola Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, que ten o seguinte tenor literal:

**“Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:**

### **PREGUNTA:**

*Sendo coñecedores da dramática situación de carencia de auga na parroquia de Cortes a cal, ao pasar o Camiño de Santiago por ela, ve incrementado considerablemente o volumen de usuarios precisamente na época estival, e tendo en conta a existencia de una captación e un depósito de auga na Tellada construídos para dar abastecemento a dita parroquia,*

*- Cales son os planes e plazos deste Concello para cerrar o ciclo de abastecemento que tan necesario resulta?*


*- Existe algún plan para o saneamento?*

*En Paradela a 23 de xullo de 2014*

*Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfn: 982 54 11 01 / 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

O Sr. Alcalde resposto que respecto dos prazos e tempo serán cando se acadan os recursos necesarios, se ben se a Deputación fixera algúun plan en concorrencia competitiva, como antes se facía o P.O.L. para este tipo de proxectos e non os de carácter clientelar actuais podería facerse, mais como iso non vai suceder, cando a Xunta dispoña de recursos poderá levarse a cabo; xa que nisto levamos traballando cinco ou seis anos. O Alcalde pon de exemplo do que está a facer a Deputación, o sucedido no Concello de Bóveda, onde lle tiña concedido fazer unha piscina por catrocentos cincuenta mil euros, pero pola falla de auga solicitou un cambio para traída de augas e dixéronlle que si e despois no llo deron, e tivo a Xunta que aportar seiscientos mil euros.

A continuación Alcalde da lectura ao rogo presentado en data 24 de xullo de 2014, con Rexistro de entrada número 750, pola Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, que ten o seguinte tenor literal

**“Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte:**

### **ROGO:**

*Tras ter recibido varias queixas por parte de usuarios do camiño de Santiago, tanto peregrinos como hosteleiros, polo estado no que se atopa a vía, e entendendo que hai un operario que debe dedicarse a esa labor rogamos tomen as medidas oportunas para manter en condicións de limpeza, tanto por medio de desbroce como de retirada de lixo no Camiño de Santiago.*

*Asimesmo, comunicamos que os veciños dos lugares polos que discorre o Camiño de Santiago, ven con preocupación a carencia de Servicios Públicos que lles ocasionan moitas molestias así como problemas de salubridade nas súas fincas, polo que tamén rogamos encarecidamente que se inicien as xestións por parte deste Concello para instalar sanitarios de uso público por parte da Administración responsable.*

*En Paradela a 23 de xullo de 2014*

*Asdo. Dª Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

O Sr. Alcalde di que o Camiño é inspeccionado pola administración autonómica que controla o Camiño e recibimos os informes validados, salvo raras exencións.

En canto aos sanitarios públicos decirle que este Alcalde fixo máis de dous mil kilómetros de Camiño a pé e en ningún sitio atopamos urinario público, ademáis este foi un tema debatido e non se lle dou solución porque onde e como se colocan e quen e como se fai o mantemento polo custo enorme que supón. Non se lle poden poñer portas ao campo, nin siquera nas ciudades como en Lugo os hai.

Dona Sonsoles López Izquierdo, fai un comentario dicindo que en Lugo hai saneamento público e en Paradela por suerte ou por desgracia non, e ao longo do

Camiño poden verse mowntonciños de papel hixiénico, porque ademáis nunca houbo a afluencia no Camiño coma agora. Di que ten coñecemento da demanda de servicios pola xente e do saneamento e abastecemento polos hosteleiros.


O Alcalde di que se a Deputación funcionase correctamente, e fixese a súa función de asistir e axudar aos pequenos concellos sería outra cousa.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo di que o PP estivo moitos anos ao fronte da Deputación, e se presumían que tiñan moitos cartos que os adicasen as necesidades básicas, e o que non se pode e pedir aos demáis o que vostedes non foron capaces de facer.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e quince minutos do trinta e un de xullo de dous mil catorce, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

Visto e prace

O Alcalde



O Secretario-Interventor

